



A “APDR” SOLIDARÍZASE COA PLATAFORMA “SOS-PANADEIRA”

“Asociación Pola Defensa da Ría” de Pontevedra (APDR) quere expresar o seu máis decidido apoio á plataforma SOS-Panadeira na súa loita contra a agresión medioambiental que supón a instalación de novos pantaláns do Club Náutico de Sanxenxo.

Para a APDR –que se congratula da paralización cautelar das obras- o impacto ambiental e mesmo paisaxístico do proxecto proposto desde o Club Náutico e autorizado por Portos de Galicia coa convivencia do Concello de Sanxenxo, é moi importante e, de levarse adiante, terá serias consecuencias para a praia dos Barcos e nas zonas veciñas. Lamentablemente son moitas as ocasións nas que esta zona ten sufrido agresións ambientais pola realización de distintas actuacións (recheos, portos, paseos,...) carentes de informes de impacto ambiental serios e rigorosos e polas actuacións caciquís das distintas administracións, que optan sempre pola defensa dos intereses particulares fronte á defensa do interese xeral. Abonda con lembrar a situación da praia de Silgar que, vítima de erradas actuacións por parte das administracións, vese abocada á perda continuada da area e á substitución paulatina por area foránea co enorme custe económico que esta práctica conleva.

Esiximos a paralización definitiva do proxecto, a recuperación da situación inicial dos areais, e a acción decidida a prol do saneamento e recuperación ambiental dunha zona que ten coma principal vocación a explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros e turísticos. Animamos á Plataforma SOS-Panadeira a continuar na loita ata conseguir paralizar de forma definitiva o antedito proxecto e ofrecémoslle o noso apoio coma asociación ecoloxista para conseguir este obxectivo.

Pontevedra, 14 de xullo de 2013

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR